



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Lingua Inglesa 3	Código	613G01015	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Inglés			
Prerrequisitos				
Departamento	Filoloxía Inglesa			
Coordinación	Lezcano Gonzalez, Emma	Correo electrónico	emma.lezcano@udc.es	
Profesorado	Lezcano Gonzalez, Emma Simal Gonzalez, Begoña	Correo electrónico	emma.lezcano@udc.es begona.simal@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia amplía a formación básica na descrición e uso da lingua inglesa, consolidando as competencias de B2 e cubrindo unha parte das competencias de C1.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Seguir con facilidade unha conversa sobre asuntos cotiáns ou de carácter xeral, participar espontaneamente e ser capaces de relacionarse con falantes nativos cun grao suficiente de fluidez e naturalidade, sendo capaz de recoñecer unha ampla gama de expresións idiomáticas e de coloquialismos, así como cambios de estilo.	A6	B4	C2
Entender as ideas principais dun discurso extenso oral ou escrito, seguir liñas argumentais complexas e identificar as conclusións sempre que o tema sexa relativamente coñecido.	A6	B4	C2
Comprender case todas as noticias da televisión, programas sobre temas actuais ou películas, sempre que se fale un nivel de lingua estándar pero mesmo tamén empregando unha cantidade considerable de linguaxe coloquial e de expresións idiomáticas.	A6	B3	C2
Tomar parte activa en debates desenvolvidos en situación cotiáns explicando e defendendo puntos de vista.	A6 A15	B5	C2
Expoñer un tema coñecido sobre os campos semánticos traballados ou outros relacionados para que poida ser seguido sen dificultades, explicar os puntos significativos con razoable precisión e ser capaz de contestar as preguntas que xorden.	A6 A9 A15	B1 B3 B5 B6	C3
Ser capaz de escribir unha variedade de textos claros, fluídos e ben estruturados, amosando un uso controlado de estruturas organizativas, conectores e outros mecanismos de cohesión. Son capaz de matizar opinións e afirmacións con precisión, por exemplo, con relación a graos de certeza/incerteza, crenza/dúbida, probabilidade, sendo a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación consistentes e útiles.	A6 A9 A15	B3 B4 B6	C2
Amosar creatividade e imaxinación nos traballos elaborados en lingua inglesa.	A6	B3	C2

Contidos	
Temas	Subtemas



(Ver o apartado "Fontes de Información" para coñecer o libro de texto do que se extraen os seguintes temas)	
1. Let's talk: Communication and friendship, an introduction to methods of presentation of oneself. A consideration of the family in traditional and modern settings	<ul style="list-style-type: none"> a. Make a good impression. b. Friends: the new family? c. Favourite sayings d. Grammar: Review of verb forms, cleft constructions, what vs which , explaining and paraphrasing, homophones.
2. Remarkable!; Impressive and unusual people, with considerations of intelligence, creativity, originality. Impressive places: experiences of impressive spots inside and outside the United Kingdom.	<ul style="list-style-type: none"> a. Exceptional people b. Memorable places c. Spoilt for choice d. Grammar: Relative clauses with prepositions, intensifying adverbs, participle clauses, adjective word order.
3. Well-being; Successful living, what is it? Arrogance, responsibility and domination of others; Preventive measures as a way to health. Lying as a strategy: role-play.	<ul style="list-style-type: none"> a. Being confident b. A happy healthy life c. It's the way you say it. d. Grammar: Introductory it, inversion, phrasal verbs
4. Civilised; Society, media and technology. Cities and technology: the increasing importance of the city in the modern world. Alternative focuses in news stories.	<ul style="list-style-type: none"> a. Society and the media b. Cities and technology c. Making a splash (the language of the media) d. Grammar: Synonyms, future in the past
5. It's just a job!; The world of work, Working with celebrities, or acting as an extra. Youth and success, or the lack of success. Conversational strategies when talking about work situations.	<ul style="list-style-type: none"> a. Behind the glamour b. The young ones c. Priorities d. Grammar: Word-formation, reflexive pronouns, collocations and infinitive vs. ing

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	2	0	2
Sesión maxistral	10	15	25
Discusión dirixida	8	3	11
Proba oral	0	6	6
Lecturas	0	10	10
Seminario	13	14	27
Proba obxectiva	0	11	11
Aprendizaxe colaborativa	4	15	19
Portafolios do alumno	1	18	19
Traballos tutelados	4	15	19
Atención personalizada	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Primeira toma de contacto coa materia, na que se desenvolven actividades destinadas a obter información relevante sobre o alumnado así como sobre as súas competencias iniciais en lingua inglesa, co fin de articular a docencia de xeito que se favorezan aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos e intereses do alumnado.



Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de lles transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Discusión dirixida	Nesta materia chamámoslle discusión dirixida ás actividades desenvolvidas polo alumnado en grupos pequenos, coordinados pola profesora lectora, en que porán en práctica a súa destreza oral en lingua inglesa e se debaterán temas de forma libre, informal, espontánea e sinxela.
Proba oral	Proba en que se avalían as competencias comunicativas do alumnado mediante unha pequena conversa ou entrevista coas profesoras individualmente ou por parellas.
Lecturas	Nesta materia chamarémoslle lecturas a todo o material que o estudiantado terán que ler fóra da aula para a realización dalgúns exercicios de reading comprehension así como todas as lecturas que poidan facer en inglés para outras materias. Tamén se considerarán "lecturas" a lectura de xornais, revistas, foros de internet, etc. en lingua inglesa, actividade que recomendaremos desde o primeiro día de clase.
Seminario	Nesta materia denomínanse seminarios aquelas aulas de carácter práctico en que se desenvolven as catro destrezas arredor dun tema dos que se poden atopar nos contidos ou outros que podan ser de interese xeral. Deste xeito, haberá seminarios de lectura, redacción e comprensión audiovisual case todas as semanas do curso.
Proba obxectiva	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe. Permitirá avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. en todas as destrezas. Esta proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación, entre outras.
Aprendizaxe colaborativa	A elaboración do "project" fomentará a aprendizaxe colaborativa do alumnado posto que traballarán de forma presencial e non-presencial en pequenos grupos de xeito conxunto, compartindo información e habilidades, e dirixidos pola profesora que optimizará a aprendizaxe de todos os membros do grupo.
Portafolios do alumno	É unha carpeta ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno ou alumna nun período de tempo, cos comentarios e cualificacións asignadas pola profesora, o que lle permite visualizar o progreso do alumno. Na nosa materia deberán incluírse no portafolios todas as redaccións realizadas ao longo do curso coas correccións e comentarios das profesoras e a posterior versión revisada, así como todo o traballo persoal que o alumno desenvolva fóra da aula que dea conta do seu esforzo e progreso na materia.
Traballos tutelados	Os alumnos deberán realizar un traballo en grupo ("project") sobre un tema que se especificará ao inicio do curso. Con este traballo preténdese promover a aprendizaxe autónoma do estudiantado, baixo a tutela da profesora así como a aprendizaxe colaborativa. O "project" exporase na aula.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno Traballos tutelados	<p>Para a realización do "Project" é fundamental que o estudiantado informe a profesora ao longo do trimestre dos avances que vai facendo o grupo.</p> <p>As profesoras corruxirán ao longo do curso catro redaccións de cada alumno/a. Os estudantes deberán ter en conta o seus erros ou carencias e comentalos coas profesoras antes de reescribir os traballos para incluílos no portafolios. Asemade, poderán facer todo tipo de consultas ou peticións de orientación sobre o material de autoaprendizaxe que queiran manexar e incluír no portafolios.</p> <p>Ao menos dúas veces ao cuadrimestre todos o alumnado debería facer unha titoría coa(s) profesora(s), ben en persoa nas horas de titoría, ben por correo electrónico ou plataforma virtual. Nesa titoría farase un seguimento individualizado de cada alumno e alumna e os seus progresos.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
--------------	------------	---------------



Portafolios do alumno	No portafolios avaliaremos as "writing tasks" realizadas ao longo do curso.	15
Proba obxectiva	No período de avaliación de xaneiro o alumnado terá que realizar unha proba obxectiva de "Use of English" (20 puntos), "Reading comprehension" (5 puntos), "Listening Comprehension" (5 puntos) e "Writing" (5 puntos).	35
Traballos tutelados	O "project" suporá un 10 por cento da nota final. Avaliarase a súa exposición oral así como o traballo realizado polo grupo ao longo do cuadrimestre.	10
Sesión maxistral	Os coñecementos acadados na sesión maxistral avaliaranse a través de dúas probas prácticas de uso da lingua inglesa, que se realizarán na aula ao longo do cuadrimestre.	10
Discusión dirixida	Nas clases prácticas de inglés oral coa lectora avaliaranse todas as intervencións do estudantado ao longo do cuadrimestre.	5
Lecturas	Será obrigatorio ler alomenos unha narración breve en lingua inglesa e contestar a unha serie de preguntas sobre ela por escrito.	5
Proba oral	Todos o alumnado realizará unha proba oral ao final do cuadrimestre ou no período da avaliación en que deberá amosar as súas competencias comunicativas en lingua inglesa.	5
Seminario	A avaliación das competencias que o alumnado debe acadar tras participar nos seminarios realizarase a través dun mínimo de dous exercicios de "listening comprehension" que se levarán a cabo na aula ao longo do cuadrimestre.	15
Outros		

Observacións avaliación



Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Lingua Inglesa I/613211103 Lingua Inglesa II/613211104
Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías